

Mobilidade Alemaña (Freudenstadt)

O pasado mes de marzo, o IES As Lagoas realizou a mobilidade de ida co centro amigo Keplergymnasium en Freudenstadt, en plena Selva Negra.

Entre outras actividades escolares, relacionados coa Axenda 20/30 e a sostibilidade, fixemos unha ruta pola Selva Negra, con mantos verdes e arboredas altas e tupidas. Contáronnos que está en proceso de recuperación, xa que entre a deforestación e o cambio climático, o ecosistema resentíuse nas últimas décadas. Non obstante non atopamos nada de lixo e veíase moi ben coidada.

No seguinte enlace podedes ver o resultado final:

<https://padlet.com/erasmuslagoas/keplergymnasium-wvldfi2tbki4mtjk>



Mobilidade Hungría (Nyíregyháza)

O pasado mes de abril o IES As Lagoas vaixou Hungría para devolver a visita dos nosos amigos húngaros e coñocer un pouco máis a súa escola, Lajos Kossut.

Na nosa visita, ademais de afondar na cultura do país e noutrds aspectos académicos, o tema da sustentabilidade desde diferentes puntos de vista, a reciclaxe e a contaminación do medio ambiente nas dúas cidades, Ourense e Nyíregyháza . Ademais dos proxectos elaborados ao longo do curso escolar e postos en común na estancia en Hungría, o noso alumando xunto co húngaro realizou un cartaz en prol da necesidade de coidar o planeta que compartimos.

No seguinte enlace poderás ver o ebook elaborado nesta mobilidade

<https://online.fliphtml5.com/abpy/sjsf/#p=5>



Josbhadowing: Francavilla-Fontana (Italia)

No mes de maio, o IES As Lagoas, dentro do proxecto Erasmus +, fixo unha visita ao insituto Liceo Scientifico Francesco Ribezzo en Francavilla-Fontana. As profesoras Elisa Rodríguez Barés y Cristina Fernández Arruty visitaron varias escolas para observar e aprender dos seus métodos e proxectos de innovación, dirixidos ao ámbito científico e tecnolóxico.

Varias escola aplican estes recursos para desenvolver programas mediomambientais e de sustentabilidade e concienciar así ás súas comunidades.

